



## DECRETO DA PRESIDENCIA

**Asunto:** Nomeamento administrativa sede área de RRHH

**Expediente:** 2022/G003/000118 **Expediente orixe:** 2022/X999/000137

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, don Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Con data 18.04.2022 emitiuse pola Xerencia o seguinte informe-proposta:

<<De conformidade co disposto no artigo 16 dos estatutos reguladores do Consorcio, emítase o seguinte informe-proposta:

Con data 17.02.2022 asinouse pola Presidencia do Consorcio, a proposta da Xerencia, a seguinte solicitude:

**<< No Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, entidade adscrita á Deputación Provincial de A Coruña, actualmente existen no cadro de persoal nove prazas en administración (xerente, secretaria interventora, técnico de administración xeral, oficial, suboficial, administrativa contable, administrativo, sarxento e auxiliar administrativa).**

**Na actualidade, está vixente unha bolsa de emprego de administrativos para a provisión de prazas de funcionario ou persoal laboral.**

**Vense de incorporar un administrativo por acumulación de tarefas relativas á xestión das liquidacións tributarias derivadas da O.F. nº 1.**

**Non obstante, no cadro de persoal seguen vacantes en tanto non se realicen os correspondentes procesos de selección, as prazas de oficial, sarxento e técnico de administración xeral.**

**Despois do cese da Administrativa que facía as labores de Recursos Humanos no Consorcio por incorporación a un novo posto de traballo é precisa a incorporación dun novo traballador para levar a cabo esta labor.**

**En canto ao cumprimento do establecido no artigo 121 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; deberá remitirse solicitude dirixida ao Presidente da Deputación Provincial da Coruña, como ente ao que se atopa adscrito este Consorcio para que, en cumprimento do mencionado artigo da Lei 40/2015, se proceda á adscrición de persoal da Deputación para o desempeño das funcións dun administrativo para este Consorcio.**

**Por todo o exposto, SOLICITASE:**

**A adscrición de dun empregado desa Deputación, para o desempeño das funcións de administrativo neste Consorcio, con carácter de interino. Noutro caso, de non ser posible, se autorice a este Consorcio para a contratación directa de persoal a través da bolsa de emprego de administrativos actualmente en vigor, para o exercicio das mencionadas funcións. >>**

Como consecuencia do anterior con data 18.02.2022, e rexistro de entrada nº 202290000000038 recibíuse contestación á solicitude formulada, co seguinte contido:

**<<En relación co seu escrito de data 17 de febreiro de 2022, comunícolle que non é posible contar con persoal procedente da Deputación e consecuentemente, e de conformidade co disposto no artigo 121 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, autorízase ao Consorcio para o nomeamento de un empregado/a para realizar as funcións de administrativo/a con carácter de interinidade a través da bolsa de emprego da que dispoñen actualmente en vigor. >>**

Logo de ver que mediante Decreto da Presidencia núm. 311/2020, de data 31.12. 2020, aprobáronse as bases e convocatoria para a provisión interina e/ou laboral temporal para postos de administrativas/os no Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, mediante o sistema de concurso oposición libre.

Logo de ver que mediante Decreto da Presidencia núm. 62/2021 de data 02.03.2021 aprobouse a formación da bolsa de emprego para provisión interina e/ou laboral temporal para postos de administrativas/os no Consorcio

*Este documento está asinado electronicamente. Pódese comprobar a súa integridade na sede electrónica do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña <https://sede.cciacoruna.com/gl/> mediante o código de verificación(CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, de Procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do sector público*



Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, con todos os aspirantes que superaron o exercicio da fase de oposición, e ordenados por orde de maior a menor puntuación obtida no proceso selectivo

Como consecuencia do anterior esta Presidencia, considerando que se trata de unha necesidade para garantir o funcionamento do único servizo que este Consorcio ten encomendado, e por tanto esencial e prioritario; considera necesaria a contratación conforme ao establecido nas bases reguladoras da bolsa de emprego.

Feito o chamamento mediante requirimento telefónico, prodúcense as renuncias dos seguintes integrantes da bolsa:

- Cristina Vilanova Añón co número de rexistro 202299900000145 o día 11.04.2022.
- Yolanda Abelenda Barreiro co número de rexistro 202299900000146 o día 11.04.2022.
- Paula González Pazos co número de rexistro 202299900000144 o día 11.04.2022.
- Berta Lorenzo Pazos co número de rexistro 202299900000143 o día 11.04.2022.
- Ignacio Suárez Expósito co número de rexistro 202299900000141 o día 11.04.2022.
- Ana Belén Longueira Ríos co número de rexistro 202299900000141 o día 13.04.2022.

Con data 13.04.2022 procédese ao chamamento da seguinte persoa da lista que conforma a bolsa de traballo, Noelia Agromartín Vázquez, que manifestou a súa aceptación co número de rexistro 202299900000151.

Unha vez presentada en tempo e forma a documentación requirida na base 14 das reguladoras da bolsa, procede a súa contratación como funcionaria interina.

De acordo coa mencionada proposta, examinado o expediente, e ao abeiro do disposto no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o 14 dos Estatutos reguladores do Consorcio, mediante o presente propónse á Presidencia a adopción da seguinte

#### RESOLUCIÓN:

**PRIMEIRO.-** Nomear a Dona **Noelia Agromartín Vázquez** con DNI: 33544630G como administrativa, en consecuencia formalizar, no prazo de tres días hábiles dende a presentación da documentación á que fai referencia a base 14 das reguladoras da bolsa de emprego, o nomeamento mediante toma de posesión como funcionaria interina segundo o regulado no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ata a provisión da praza de forma definitiva e en réxime de dedicación a tempo completo.

**SEGUNDO.-** Autorizar e dispoñer o crédito necesario para o seu nomeamento, incluíndo salario e seguridade social, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes.

**TERCEIRO.-** Facer público este acordo no Taboleiro de anuncios do Consorcio, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Consorcio.

**CUARTO.-** Dar traslado da mesma aos servizos de Secretaría Intervención, e nóminas.

**QUINTO.-** Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Logo de ver o anterior, e unha vez fiscalizado de conformidade pola Secretaría Intervención, con data 18.04.2022, mediante o presente

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO E ÚNICO:** Aprobar a prosposta nos seus mesmos termos.

En Carballo, na data da sinatura dixital.

O presidente,  
Asdo.: Valentín González Formoso

A secretaria Interventora,  
Asdo.: M<sup>a</sup> Graciela Riveiro Moreira



**CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA**

CIF: V15859481 -

RELGA: CO 2002/01

Polígono Industrial Bertoa, Parcela G 2. 15105 - CARBALLO (A Coruña)

Tel: 981. 758. 117 - Fax: 981. 700. 024

FIRMADO POR Valentín González Formoso (FECHA: 18/04/2022 15:48:00) , María Graciela Riveiro Moreira (FECHA: 18/04/2022 16:01:00)

Decreto Nº: 118/2022 - Fecha de decreto: 18/04/2022  
Registro de salida: 202200000000453 Fecha Registro: 20/04/2022 15:21:44  
Versión imprimible  
CVD: 22HhEgdVA76Po7sy4wlp  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Este documento está asinado electronicamente. Pódese comprobar a súa integridade na sede electrónica do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña <https://sede.cciacoruna.com/gl/> mediante o código de verificación(CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, de Procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do sector público